

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE OURENSE

SERVIZOS XERAIS

CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DAS ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN DO MUNICIPIO DE OURENSE, PUBLICADO NO BOP NÚM. 204, DO 23 DE OUTUBRO DE 2025

Corrección de erros na publicación do acordo de aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das zonas de baixas emisións do municipio de Ourense

No Boletín Oficial da Provincia de Ourense núm. 204, do 23 de outubro de 2025, publicouse o anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das zonas de baixas emisións do municipio de Ourense, incluíndo o texto íntegro da dita ordenanza.

Unha vez revisado o texto publicado da ordenanza, advírtese a existencia dun erro, consistente na omisión do parágrafo final do apartado 1 da Disposición derradeira.

Polo exposto, mediante o presente anuncio corríxese o dito erro, facendo constar que no apartado 1 da Disposición derradeira inclúese un terceiro parágrafo co seguinte contido:

“Sen prexuízo do anterior, as normas sobre tramitación e concesión de solicitudes de autorización de acceso á zona de baixas emisións e á zona peonil ampliada entrarán en vigor ao día seguinte da publicación do texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, podendo formularse estas solicitudes dende esa data”.

Isto publícase para o coñecemento xeral, facendo constar que o prazo de dous meses para a interposición ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do recurso contencioso administrativo contra o acordo de aprobación definitiva contarase de data a data a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio de corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia.

Ourense, na data da sinatura electrónica. O alcalde.

Asdo.: Gonzalo Pérez Jácome.

R. 2.675

